Proxecto EPÍSTOLA

Consello da Cultura Galega

# Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.

## Ficha documental da epistola de Domingo García-Sabell, a Luís Seoane do 21/01/1976

**Colección:**

**Data:** 21/01/1976

**De:**

Domingo García-Sabell;

**Para:**

Luís Seoane;

**Orixe:**

Santiago de Compostela (municipal), Santiago de Compostela (comarcal), A Coruña (provincial)

**Destino:**

Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional), América (continental)

**Ficha descriptiva:**

[Carta manuscrita]

**Localización física:**Fundación Luis Seoane

**Temáticas:**

*Insectario*; Artes; Artes visuais; Asuntos particulares;

**Mencionados:**

Luis Caparrós Muñoz; Xosé Díaz; Xohán Ledo; Maruxa Seoane; Elena Tormo;

VER O DOCUMENTO ORIXINAL

---

**Transcrición da epistola de Domingo García-Sabell, a Luís Seoane do 21/01/1976**

21-I-76
Querido Luis:

Recibín o voso saúdo. I, en Madrid, entregáronme o Insectario. É ún dos álbumes máis fermosos que levas feito.
Cada grabado rebule de incitacións e suxerencias. Ise mundo dos bichos escuros é como un feixe de lembranzas que se engaratiñaran na imaxinación. Ele lévanos á paisaxe, ás ponlas caídas, aos pequenos buratos por onde emerxe ise mundo inquedante que tí, maxistralmente, expresas.
E todo por tí vive: as patas como saucos, as cacholas enigmáticas, os grillóns na cadea dos corpos. Todo vive, sí, e todo se amostra. O cartafol é como un gran penedo ao que se lle dou a volta e rebenta na pululación formigueira de cen orgaísmos segredos.
E tamén atopo no teu Insectario o esplendor rutilante de corpos que son como barcos na noite. E altivas testas tiránicas, frías, crueles. E aititudes dunha rara elegancia. E complicadas redes, e pérfidos laberintos.
E todos, en conxunto, fan o innumerable desfile do que se oculta, do que se aconchega, do que está á espreita, do que brila na luz, do que chouta, da xorda e abigarrada feira da vida primaria, da fidelidade biolóxica, do latexar a carón do humus orixinario. Ise humus no que están envolveitos os nosos mortos –e no que nós tamén nos envolvemos. O humus dende o que nos será dado ollar para os bichocos espléndidos. Como tí, agora, fitache neles. Cos teus ollos creadores e garimosos de artista galego. Gracias, querido Luis, por iste teu xeneroso gasallo.

XXX
Penso dar para o proisimo Grial o texto da miña presentación do outro cartafol, o das caracolas e os ramallos.
XX

Tamén tiven parte na que se levou a cabo, en Arenas, do coaderno de Xohán Ledo. Tanto Xosé Díaz como o propio Ledo estiveron moi ben.

XX

E agora, un pedido, si é que é posíbel. Trátase de Luis Caparrós, bo periodista i encendido ademirador teu. O outro día paroume na rúa para solicitar a miña intercesión cabo de tí. Desexa un dibuxo, por sinxelo que sexa, da sua faciana. Un retrato, non para publicar, senón para ter na casa. Polo visto, é unha vella ilusión, un antigo desexo que, deica istes intres, no se atreveu a formular. Díxenlle que foi unha pena nono houbera dito cando tí estabas eiquí, que eu houbera aituado de apresentador. Pro o home, inda que non é galego, é tímido. E velahí.
Si tí te animas a trazar uns contornos, eu encantado. Pro, de todos xeitos, considera a miña intervención como unha obriga á que non puiden esquivarme. Acompaño a foto que me remesou

eiquí, a Santiago, o interesado.

XX

E, por hoxe, ren máis. Nós sempre agardando, e acabades de marchar, a vosa volta.
O país non vai mal. Seguimos con un certo outimismo condicionado.
Apertas ben cariñosas de Elena e miñas para Maruxa e para tí.
Teu decote,

Domingo

---

Créditos do proxecto web

**Aviso legal do Consello da Cultura Galega**

*A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.*
*De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.*
*O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.*

***Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":***
*A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio subscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.*
*A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.*

**Consultas e colaboracións:**
Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.